

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**11018** *REAL DECRETO 660/2007, de 25 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 355/2004 de 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, en relación co acceso á información contida no Rexistro central.*

Por Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, regulouse o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, establecendo un sistema de coordinación que estipula que os secretarios dos xulgados e tribunais deberán comunicar as ordes de protección das vítimas de violencia doméstica que se adopten e as súas respectivas solicitudes a aquel ou aqueles puntos de coordinación designados pola Comunidade Autónoma correspondente, que constituirán a canle única de notificación destas resolucións a centros, unidades, organismos e institucións competentes en materia de protección social en relación con estas vítimas. Polo Real Decreto 513/2005, de 9 de maio, modificouse a devandita norma tendo en conta as funcións que a lexislación asigna aos puntos de coordinación establecidos nas comunidades autónomas, permitindo o acceso dos mesmos á información contida no Rexistro. Esta cesión, ademais, encontrábase amparada nos artigos 11.2 a) e 11.2 d) da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o primeiro en relación cos apartados 5 e 8 do artigo 544 ter da Lei de Xuizamento Criminal, na redacción dada ao mesmo pola Lei 27/2003, de 31 de xullo.

A evolución do fenómeno da violencia doméstica e de xénero aconsellan profundar nesta protección ás vítimas, en primeiro lugar adoptando as medias necesarias para evitar este tipo de actuacións e en segundo lugar impedindo que o maltratador poida obter un beneficio directo ou indirecto da súa actuación. O Acordo de Consello de Ministros de 15 de decembro de 2006 no seu catálogo de medidas urxentes prevé a creación das unidades de protección ás vítimas nas delegacións e subdelegacións de Goberno, que se constitúen como un elemento importante nesta protección, ao tempo que o intercambio de información e a coordinación entre o Rexistro de protección ás vítimas de violencia doméstica, a Seguridade Social e o Ministerio de Economía e Facenda poden evitar efectos indesexables na xeración de pensións ou outros beneficios sociais e todo isto no marco do previsto na disposición adicional primeira da Lei

Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Por último amplíase o número de funcionarios da oficina xudicial que o secretario xudicial pode designar para que poidan acceder á información contida no Rexistro, eliminándose a restrición antes existente en canto ao número máximo, o que se xustifica en razón ao incremento da actividade que nos xulgados de violencia doméstica véñse producindo.

O presente real decreto foi informado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e a Axencia Española de Protección de Datos,

Na súa virtude, a proposta do Ministro de Xustiza, coa aprobación previa do Ministro de Administracións Públicas, oído o Consello de Estado e previa deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2007,

### DISPÕO :

**Artigo único.** *Modificación do Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.*

O artigo 8 do Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Acceso á información contida no Rexistro central.*

1. O acceso á información contida no Rexistro central quedará limitado aos suxeitos e finalidades seguintes:.

a) Os órganos xudiciais da orde penal, os da orde civil que coñezan dos procedementos de familia e os Xulgados de Violencia sobre a Muller poderán acceder á información que precisen para a tramitación de causas penais e civís, así como para a adopción, modificación, execución e seguimento de medidas de protección das devanditas vítimas, a través do correspondente secretario xudicial e daqueles funcionarios adscritos á oficina xudicial por el designados. En ningún caso esta designación afectará aos deberes e responsabilidades que os artigos 5 e 6 deste real decreto impoñen aos secretarios xudiciais.

b) O Ministerio Fiscal poderá acceder á información precisa para a tramitación de causas penais e civís, así como para a

adopción, modificación, execución e seguimento de medidas de protección das devanditas vítimas, a través dos fiscais destinados nas fiscalías dos órganos xurisdicionais competentes.

c) A Policía xudicial poderá acceder á información necesaria para o desenvolvemento das actuacións que lle estean encomendadas en relación coa persecución e seguimento das condutas que teñen acceso a este Rexistro central, a través dos funcionarios autorizados que desempeñen estas funcións.

d) As comunidades autónomas poderán acceder á información necesaria para garantir o efectivo cumprimento das medidas de protección, provisionais ou definitivas, adoptadas polos órganos xurisdicionais, a través do responsable designado en cada punto de coordinación ao que se refire a disposición adicional primeira ou, no seu caso, a través das persoas designadas polo devandito responsable.

e) As delegacións e subdelegacións do Goberno poderán acceder á información necesaria para garantir o efectivo cumprimento das medidas de protección, provisionais ou definitivas, adoptadas polos órganos xurisdicionais. No caso das delegacións do Goberno, o acceso levarase a cabo polo responsable da Unidade de coordinación contra a violencia sobre a muller ou as persoas que este designe; no caso das subdelegacións do Goberno o acceso levarase a cabo polo responsable da Unidade de violencia sobre a muller ou as persoas designadas por este.

2. Corresponde ao encargado do Rexistro central a elaboración dunha relación actualizada de usuarios autorizados, con especificación dos datos aos que poidan acceder.

3. O acceso aos datos do Rexistro central levarase a cabo telematicamente, mediante procedementos de identificación e autenticación. O sistema de acceso deberá deixar constancia da identidade dos usuarios que accedan, dos datos consultados, do momento de acceso e do motivo da consulta.

4. O Encargado do Rexistro central de protección ás vítimas da violencia doméstica comunicará polo menos semanalmente ao Instituto Nacional da Seguridade Social, ao Instituto Social da Marina e á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda a información relativa aos

procedementos terminados por sentenza firme condenatoria que se inscriban no devandito Rexistro pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas ou de lesións cando a ofendida polo delito fose o seu cónxuxe ou ex-cónxuxe ou estivese ou tivese estado ligada a el por unha análoga relación de afectividade a efectos de dar cumprimento ao previsto na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

5. A Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, no marco do Plan de Transparencia Xudicial, poderán elaborar estatísticas dos datos contidos no Rexistro, eludindo toda referencia persoal na información e tendo en conta o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e as súas disposicións complementarias.»

**Disposición final única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid, o 25 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O Ministro de Xustiza,

MARIANO FERNÁNDEZ BERMEJO